


UTE Gestión Cangas activa en 6 anos o 60% das obras previstas ata 2039



- O pleno de Cangas debate mañá dous novos investimentos no ciclo da auga
- A compañía ten proposto ao Concello 37 proxectos de mellora do servizo

30.07.2020. UTE Gestión Cangas, a empresa concesionaria do ciclo da auga en Cangas do Morrazo, ten xa activadas 7 obras de investimento en saneamento, depuración e mellora da rede de abastecemento por importe de 2,1 millóns de euros. A cifra representa o 60% de todos os investimentos previstos no contrato de adjudicación en 2014, aínda que a compañía ten proposto ao Concello de Cangas en 2014-15 solicitudes de obra para ter investido o 100% dos proxectos.

A execución de obras podería incrementarse mañá se o pleno municipal do Concello de Cangas aproba dous novos proxectos incluídos no seu debate: a substitución de todos os equipos de filtración e desinfección da estación depuradora de augas residuais (Edar) de Areamilla e a mellora da rede de Donón. Actualmente, UTE Gestión Cangas ten solicitado ao Concello de Cangas autorización para realizar un total de 37 proxectos de investimento, a meirande parte deles todavía sen ser aprobados polo Concello.

A empresa concesionaria do Concello de Cangas ten especial interese en acadar un pacto da auga para desbloquear os investimentos e mellorar o servizo. “Definir e programar os investimentos non só melloraría o servizo e a eficiencia, senón que evitará sancións da Xunta, eliminará o colapso do sistema de depuración e permitirá ao Concello establecer un sistema de aforro de auga que o convirta en modelo a seguir”, sinala o responsable de servizo da compañía, Francisco Comesaña.

UTE Gestión Cangas está integrada polas compañías Civis Global e Aqualia, cun cadro de persoal fixo de 13 persoas e unha media anual de 30 empregos indirectos na vila. A xestora presta os servizos do ciclo da auga dende 2014 a 13.568 familias e empresas do municipio.

2 proxectos a pleno

A renovación do sistema de tratamento de augas residuais supón un investimento de 300.000 euros e constitúe unha das actuacións prioritarias no municipio. Actualmente, a renovación do equipo de desinfección mantense á espera da autorización da execución da obra, requerida pola Xunta de Galicia en cumprimento das esixencias da directiva 91/227/CEE. A substitución de todos os equipos de filtración e desinfección neutralizarán os organismos patóxenos das augas evitando verteduras puntuais a escasa distancia da Praia de Areamilla, ademais das posibles sancións administrativas vencelladas a esta disfunción do sistema de filtración.

O segundo proxecto a discutir no pleno municipal é a mellora do saneamento na zona de Donón-Viñó para eliminar outro punto de vertedura significativo. Mediante un bombeo conectado á rede municipal de saneamento en Viñó, cun investimento de 87.700 €, porase fin á problemática da superación da capacidade do sistema actual, que estaba a provocar perdas de caudal debido ao aumento considerable nos últimos anos de vivendas e negocios na zona e que repercute na contorna da praia de Barra.

O novo deseño do saneamento da ría de Aldán, tras a aprobación por parte do Concello do anteprojecto e transcorrido o período de exposición pública, atópase actualmente en fase de redacción. A obra, cun investimento de 1,5 millóns de euros, está destinada a minimizar os alivios e mellorar a calidade medioambiental da ría de Aldán sen sobrecargar a Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) de Cangas. Mediante a instalación de sistemas de separativo de pluviais e a reforma dos bombeos e as tuberías existentes evitaranse as infiltracións das augas subterráneas nos pozos de bombeo de Vilariño, Liméns, Vilanova e O Hío, principal causa do colapso do sistema de saneamento.